

● meu pobo :

Pedrafita do Cebreiro

Pedrafita do Cebreiro é un municipio que está situado no centro das serras entre Os Ancares e o Courel. Limita cos concellos lucenses de As Nogais, Cervantes, O Courel, Samos e Triacastela.

Conta cunha superficie de 104,9 Km² nos que residen 1.456 habitantes en 12 parroquias.



Elévase na maior parte do seu territorio por encima dos 1.000 metros.

As montañas son suaves e constitúen unha paisaxe ondulada, formado por vales e montañas.



Pedrafita presenta un clima de tipo oceánico de montaña, con veráns cortos e frescos, e invernos longos e fríos.

Presenta unha economía baseada na agricultura. A gandería é a principal fonte de ingresos, destacando o ganado vacún.



HISTORIA :

A historia de este municipio atópase influenciada pola súa relevancia no camiño de Santiago. Comeza en tempos anteriores os romanos. As pallozas eran as vivendas tradicionais.

Unha das historias máis coñecidas é :

Un veciño da parroquia de Barxamaior desafiou a tempestade e acercouse ata O



Cebreiro para escoitar misa. O monxe menospreciou o sacrificio do feligrés exclamando cando o viu chegar : *cal ven este outro cunha gran tempestade e fatigado a ver un pouco de pan e viño*. E neste preciso momento a hostia transformouse en carne e o viño en sangue.

MONUMENTOS:

A IGREXA SANTA MARÍA A REAL:

A igrexa, de estilo prerrománico, foi fundada, probablemente, polos monxes beneditinos no século IX.



O MUSEO ETNOGRÁFICO DO CEBREIRO:



O museo reflicte perfectamente as condicións de vida na montaña. Pódese visitar todos os días de forma gratuita.

GASTRONOMIA

Está baseada en produtos naturais típicos da zona, como son os derivados do porco, cos que se elabora o afamado cocido, exquisitos postres artesanais a base de noces, mel e castañas, e por enriba de todo o tradicional queixo do Cebreiro.



Tamén son típicos os embutidos da zona, licores e viños, produtos do Bierzo e tartas de Santiago.

AS FESTAS:

A festa grande do pobo son o 8 e 9 de setembro que son as festas de San Pedro. Tamen se celebra o San Antonio e hai feria todos os 5 e 21 de cada mes e pódese comer na plaza do pobo polbo.

